

## Carne e carné de cabalo salvaxe. Problemas e solucións

Escrito por Xilberte Manso - SOS Groba  
Martes, 05 Marzo 2013 23:56

---



### Carne de cabalo

Malos tempos para os cabalos e bestas bravas dos nosos montes. Xúntanse a fame e as ganas de comer.

Falando de comer, son moitas as novas que están aparecendo en diversos medios de comunicación metendo dun xeito incorrecto e tendencioso o tema dos cabalos e a súa carne. Aparece un problema da fraude na cadea alimenticia e, no canto de falar da dita fraude e explicar o como e o por qué, as novas que aparecen nos informativos falan da carne de cabalo como se fose unha peste que vai a acabar con todos nós. A realidade é transformada nun espectáculo que soborda a obxectividade e a información, e deixa nun segundo nivel o verdadeiramente importante, a fraude, dándolle protagonismo aos pobres cabalos que fican como os culpábeis dun timo o que non foron convidados.

Se a todo isto, engadimos os problemas mediáticos que se están a dar coas informacións sesgadas ou mal elaboradas (por falla de datos e concreción, subxectividade e probables intereses ocultos) sobre os cabalos ou bestas do monte e os seus problemas de supervivencia e a súa relación co medio no que habitan, temos un combinado que de resultas vai a producir, de entrada, mala imaxe (ou polo menos desvirtuada), e unha tendencia a posicionarse do xeito máis cómodo no refugamento dos ditos cabalos e, como consecuencia, na aceptación

## Carne e carné de cabalo salvaxe. Problemas e solucións

Escrito por Xilberte Manso - SOS Groba  
Martes, 05 Marzo 2013 23:56

---

irreflexiva das medidas máis radicais e drásticas para atallar os problemas. A erradicación dos nosos montes dos cabalos salvaxes, as nosas besta bravas, a perda de consumidores de carne de cabalo pola confusión creada e consecuente identificación de carne insán, contaminada e perigosa para a saúde.



Temos dito moitas veces que os problemas hai que solucionarlos analizándoos, estudándoos e botándolle unha ollada reflexiva e integral, para ver como pode encaixar cada unha das posibles respostas que se poidan dar na pretendida resolución buscada. Non sempre é fácil dar respostas acaídas a cada situación, mais iso non debe ser impedimento para traballar na procura de vieiros que nos leven a solucións convincentes e que teñan en conta o peso de todo o que tratamos. Non podemos dar como boa a extinción dos cabalos nos nosos montes, o exterminio organizado e fomentado, como está a suceder xa pola bisbarra dos concellos da terra de Montes, o Barbanza e outros lugares do país. Somos conscientes dos problemas que existen, das trxicas consecuencias dos accidentes con bestas nas estradas, dos estragos en plantacións, etc. Sería fundamental ir á raíz do problema, identificando aos propietarios, capturar aos cabalos ceibos non identificados e, sobre todo, informar e educar as nosas xentes para que ningún interese lexítimo de cada quen estea por riba dos de outros, tamén lexítimos e necesariamente compatibles, para ter un país máis rico, produtivo e organizado, respectuoso co medio e sustentábel, cara un futuro moi difícil e cheo de atrancos, no que vemos que vellas solucións non deron nin darán resultados satisfactorios para as nosas xentes do rural. É máis necesaria que nunca unha ordenación e regulamento que teña en conta tódolos valores e intereses, xa sexan naturais, culturais, patrimoniais, ecolóxicos, comerciais e privados, para tentar achar unha medida sustentábel e conservacionísta, sen que elo supoña ir en contra dos dereitos lexítimos dos propietarios de montes, terras, e besteiros, así como dos ecoloxistas e defensores do noso patrimonio cultural. É posible. É necesario. É imprescindible. Nós estamos nese camiño, e non imos regatear esforzos en buscar lugares de entendemento, a pesares de ser conscientes da dificultade da tarefa. O diálogo, o troco de información, o estudo, a investigación e análise das distintas realidades do país, a posta en común de experiencias e as posibles solucións conxuntamente con tódolos actores implicados, son e serán as ferramentas que nos leven as conclusións e artellamento das ferramentas para solucionar os problemas. Unha lexislación e regulamento que teña en conta tódolos factores, e sexa o resultado dun traballo intenso e exhaustivo, pormenorizado, que contemple ás

## Carne e carné de cabalo salvaxe. Problemas e solucións

Escrito por Xilberte Manso - SOS Groba  
Martes, 05 Marzo 2013 23:56

---

bestas do monte, os cabalos salvaxes como un patrimonio a protexer e non como un mal ou problema a extinguir.

A fraude alimentaria



Mesturar carne de vacún con carne de cabalo non é tóxico. Pode ser unha fraude se non se informa ao consumidor de dita mestura, e se lle está a vender un produto fabricado cun tipo de carne que non vai na etiqueta, ou non se fan os controis sanitarios pertinentes.

A carne de cabalo é saudable e, a máis das veces, máis recomendable que a de vacún pois carece de certas graxas que elevan o colesterol no sangue.

A carne de cabalo foi moi consumida no noso país, contrariamente ao que se pensa e ao que se di nos medios. Non existe tabú algún no consumo de carne de cabalo en Galicia. Ata non hai moitos anos, existiron moitas carnicerías de carne de cabalo en tódalas grandes cidades de Galicia e os seus mercados centrais. Estas foron desaparecendo, igual que o foron os cabalos das facendas e casas rurais, o mesmo que as feiras de cabalos e os tratantes neles. Unha cousa foi derivando na outra, e consecuentemente, só ficaron algúns establecementos que vendían carne de cabalo aos cada vez menos consumidores. Como anécdota, lembrar como en Santiago de Compostela, a finais dos anos setenta, algúns estudantes, entre os que me

## **Carne e carné de cabalo salvaxe. Problemas e solucións**

Escrito por Xilberte Manso - SOS Groba  
Martes, 05 Marzo 2013 23:56

---

atopaba, comíamos carne de cabalo en varios restaurantes onde o prato do día era dos máis baratos. Daquela os estudantes facíamos virguerías para chegar a fin de mes cos cartos que os nosos pais nos facían chegar para realizar os nosos estudos lonxe da casa. Na cidade compostelá había moitas tabernas, fondas e pensións nas que os estudantes viviamos e comiamos economizando ao máximo para chegar ata fin de mes e facer que os cartos nos deran para comer, mercar libros, divertirse e convivir nunha cidade fervedoiro de acontecementos . Naqueles lugares onde o prato do día era máis barato, a carne da paella ou do guiso era de cabalo.

Non por ser, daquela, máis barata era máis ruín. Era máis negra, doce e, as veces dura, se era dun cabalo vello, o mesmo que ocorre coa de vaca ou boi. Non por iso deixa de ser nutritiva e san. Hoxe atopase nos mercados carne de poldro ao mesmo prezo que a de tenreira, e moitas veces máis cara, dependendo do corte ou parte que se merque. É recomendada para as dietas baixas en colesterol.

Os poldros das serras do Val Miñor, son consumidos polos propietarios e raramente chegan aos mercados. Son sacrificados moi novos, con pouco peso e por iso teñen unha carne tenra e totalmente ecolóxica, sen ningún tipo de aditivos nin medicamentos. Temos dito en varias ocasións que unha das fórmulas para facer sostible a supervivencia das bestas do monte e a festa dos curros, estaría na comercialización e cría dos poldros da serra da Groba e do Galiñeiro, creando unha especie de cooperativa que os manteña un meses máis, para que gañen peso e as canles sexan rendibles nun mercado que se podería estender cun selo de calidade propio do Val Miñor, xunto con medidas de elaboración de outros produtos derivados dos cabalos do monte.

Para facer isto é necesario regular e ordenar a vida dos cabalos do monte, as burras do monte, como un patrimonio único de Galicia, tendo en conta a súa singularidade e os beneficios ecolóxicos, naturais e culturais que proporcionan, non desprezando outros comerciais que se poderán dar pero que hoxe non son os principais nin fundamentais na conservación de este patrimonio no Val Miñor e sur da provincia de Pontevedra.

### **Alternativas**

## Carne e carné de caballo salvaxe. Problemas e solucións

Escrito por Xilberte Manso - SOS Groba  
Martes, 05 Marzo 2013 23:56

---



[REDACTED]